



CONVENIO DO CONCELLO DE REDONDELA CO CÍRCULO CULTURAL E DEPORTIVO DE CESANTES

BANDEIRA MASCULINA CESANTES

Redondela, 28 de xullo do 2025

REUNIDOS

Dunha parte a alcaldesa do ltmo. Concello de Redondela, dona Digna Rosa Rivas Gómez.

De outra, don Jorge Rodríguez Crespo, con DNI 53179445H que ostenta a Presidencia/representación do Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes con CIF G36015741 e enderezo na estrada de Cesantes, 28 cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Redondela ten competencia en materia de promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, segundo establece a letra l) do apartado segundo do artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ademais, de conformidade co artigo 25.1 do mesmo texto legal, os Municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

SEGUNDO.- Que o Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes figura inscrito no Rexistro Municipal de asociacións co número 43. Que de conformidade co sinalado no artigo 2 dos seus estatutos o Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes ten entre outros fins o “*de practicar a modalidade deportiva de remo*”. Dentro desa finalidade atópase a de organizar probas deportivas.

Que sendo os obxectivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ámbalas dúas partes colaborar na consecución e logro das mesmas polo que subscriben o presente convenio con arranxo aos seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que o Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes presenta:

- a) Cumprimento dos requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



- c) Declaración responsable respecto a obriga contida no artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- d) Declaración responsable de non ter solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas

SEGUNDO.- O Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes conta con 74 licenzas de remeiros/as, das cales 15 son femininas e as embarcacións de traíñas, traineiriñas e bateis. Dentro da súa actividade deportiva a entidade deportiva organiza a bandeira de traíñas do Concello de Redondela que xa vai pola súa trixésima novena edición e que pon de manifesto a importancia do mesmo coa participación de ata doce clubs. A bandeira diríxese ademais a un amplo espectro de categorías.

Debido ás características singulares e propias deste evento deportivo non é posible encadrar esta subvención dentro dun procedemento de concesión de subvencións de concorrência.

En virtude do anteriormente exposto, o Concello de Redondela e Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes acordan subscribir un convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que o Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes está interesado en recibir unha achega por parte do Concello de Redondela co obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica a realización da Bandeira Masculina Cesantes. Patrocinio que se encadra dentro da xa extensa labor, dentro das súas posibilidades, que se realiza por parte do Concello no ámbito da prestación de servizos no ámbito do deporte.

SEGUNDA.- Que o Concello de Redondela está interesado en colaborar con esta competición que pon en valor a vila para os seus veciños e que se converta nun xeito de colmar as aspiracións no eido da prestación de servizos deportivos dunha parte da poboación, todo isto dentro da competencia xenérica do Iltmo. Concello de Redondela para satisfacer todo tipo de necesidades veciñais que lles outorga o artigo 25.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRA.- Tal como se establece no punto anterior, estando o Concello de Redondela interesado na promoción de dita actividade de deportes e como se di na exposición segunda, tendo a realización das diversas actividades unha importante repercusión nun ámbito como é o deportivo. É por isto que se demostra deste xeito o interese social polo que o Concello de Redondela vén de decidir de asinar un convenio co Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes. Así, no Acordo aprobado polo Pleno do Concello en data 27 de febreiro de 2025 e publicado o 4 de abril no boletín oficial da provincia número 65 de aprobación desta subvención nominativa para o ano 2025 recóllese aplicación orzamentaria para o outorgamento da subvención, a 3411A/489.0103. Con posterioridade e por Resolución de Alcaldía número 2025-2681 de data 24.07.2025, aprobouse outorgar unha subvención por importe de 12.000 € (DOCE MIL EUROS) a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.



CUARTA.- O Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes realiza a Bandeira Masculina Cesantes e, en concreto debe:

- a) Facer constar que conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela. As mencións deberán efectuarse en lingua galega.
- b) Presentar calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.
- c) Organizar a Bandeira Masculina Cesantes, conforme ás obrigas que a normativa local, autonómica e estatal establecen para os organizadores de probas deportivas.
- d) A facer un uso responsable das instalacións, medios ou recursos, que no seu caso, poña a súa disposición o Concello sen causar danos nos mesmos.
- e) A presentar calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

QUINTA.- Así mesmo comprométese a cumprir coas obrigas dos beneficiarios establecidas na lexislación aplicable que se recollen como anexo deste convenio e en especial a aportar facturas ou documentos substitutivos de facturas, orixinais ou debidamente compulsadas, polo menos, polo importe de 12.000 € (DOCE MIL EUROS) co obxecto de verificar que a actividade se desenvolveu e que o importe concedido non supera o custe da actividade desenvolvida. Así mesmo, a xustificación só se poderá referir a gastos realizados para sufragar o obxecto deste convenio de acordo co orzamento presentado polo club e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo nos casos dos pagamentos a conta. O prazo máximo para a xustificación será o 1 de setembro.

Tendo en conta o anterior, son gastos subvencionables: arbitaxes, premios, ambulancia, balizaxe e barco para árbitros.

Realizarase o pagamento anticipado do 75% (9.000,00€) da cantidade establecida na base terceira unha vez asinado o convenio. Para isto, deberá cumprirse co establecido no art. 34.4 da Lei 38/03 e 88 do Real decreto 887/2006. Antes do 1 de setembro, a entidade beneficiaria deberá xustificar, cando menos, a cantidade adiantada. En caso contrario, iniciárase o expediente de reintegro da cantidade non xustificada.

As facturas que se presenten para a xustificación deberán ser emitidas conforme ao establecido legalmente no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. En caso contrario, a factura non contará para a xustificación. Con carácter xeral, a xustificación terá unha relación directa coa actividade subvencionada. A xustificación do pagamento das facturas realizarase mediante documento bancario que permita acreditar efectivamente que a transacción, o importe e o receptor dos fondos coinciden cos datos da factura. Os gastos xustificadas non poderán ter o carácter de investimento.

En caso de que non esté conforme a xustificación requirírase ao Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes a que presente outra xustificación de acordo co establecido na lexislación pertinente. Para o caso concreto dos premios, deberá achegarse un acta ou documento similar que recolla os gañadores con dereito a premio, e como se fixo a entrega do mesmo.

Se a xustificación non acada a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida, esta se reducirá proporcionalmente á cantidade xustificada, procedendo automaticamente á anulación da subvención pola cantidade non xustificada.

O libramento da cantidade restante realizarase de xeito *ex-post* pola diferenza entre o importe anticipado e o importe finalmente xustificado co límite total da cantidade concedida, presentada a xustificación no prazo establecido e sendo esta conforme.



Así mesmo, coa xustificación da subvención o Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes deberá presentar:

A Conta xustificativa da subvención que estará formada por:

1. Memoria detallada da actividade realizada, en que consistiu, e o número de participantes nas actividades. Fará especial mención aos obxectivos alcanzados en canto á promoción do deporte.
2. Que as facturas se axustan á finalidade recollida no convenio.
3. Que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención.
4. Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Redondela.
5. Declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
6. Que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.
7. Unha declaración de atoparse ao corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.
8. Unha declaración de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.
9. Que se cumpriron as obrigas recollidas na cláusula IV, especialmente a referida a que consta na publicidade ou calquera documentación impresa a actividade subvencionada o nome e o escudo do Concello.
10. Unha declaración da cantidade que tivo que asumir o club pola realización da Bandeira.
11. Unha relación clasificada de gastos segundo o Anexo II no que se especificarán os seguintes datos: acredor, NIF, nº factura, data emisión, concepto, importe e data de pago das facturas que se presenten para xustificar o convenio, por un importe igual ou superior á concesión.

Previamente á aprobación do gasto, a área de deportes procederá á valoración de se, coa xustificación presentada polo club se cumpre coa finalidade básica da subvención.

Por último, o Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes comprométese a non participar na concesión de subvencións que podería outorgar o ltmo. Concello de Redondela conforme ás Bases de subvencións aprobadas no seu día polo órgano competente no ano 2025 pola mesma actividade que se recolle neste documento.

SEXTA.- O Concello de Redondela responsabilízase de:

- Tramitar a xustificación que presente no seu momento o Club.
- Colaborar para a boa execución deste convenio.
- Asumir unicamente o compromiso económico que se recolle na cláusula terceira, imputándose ao exercicio orzamentario do ano 2025.

Debido ás características deste convenio, non é necesario establecer consecuencias no caso de incumprimento dos compromisos asumidos por cada parte, mais alá de que exista algún desperfecto nas instalacións, medios ou recursos, que no seu caso, puxera a súa disposición o Concello.

SÉTIMA.- O Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes é o único responsable de cantos danos, tantos físicos coma materiais, poidan ocasionarse ao Concello de Redondela e sexan consecuencia directa ou indirecta do uso ou actividade desenvolvida na realización do evento, quedando exento de toda responsabilidade o Concello.

Así mesmo, o Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes asume a responsabilidade civil derivada



da realización da Bandeira, polo que o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade.

Igualmente, o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade derivada de actos do persoal dependente do devandito club e de calquera persoa con quen esta se relacione.

Se o Concello fora condenado como responsable civil en procedemento civil ou penal, repercutirá a contía total á que ascende o fallo da sentenza ao Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes.

OITAVA.- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as outorgadas polo Concello de Redondela. A sinatura do presente convenio suporá o recoñecemento por parte da persoa que ostenta a presidencia/representación do Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes de que o importe total das subvencións obtidas, incluída á que se refire este convenio, das diferentes Administracións Públicas, non supere o custe das actividades a desenvolver polo beneficiario.

NOVENA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela.
- As Bases de Execución do Orzamento do Itmo. Concello de Redondela.
- Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

DÉCIMA.- O Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes queda expresamente comprometido e coñece todo o establecido nos Títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ao reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

UNDÉCIMA.- Este Convenio ten carácter administrativo e a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia deste. Corresponderá á Alcaldesa de Redondela a interpretación, modificación e resolución do convenio. As posibles modificacións realizaranse a proposta do Concello de Redondela e sempre e cando conte con informes favorables. Para o cumprimento da letra f) do artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establécese a existencia dunha comisión paritaria na que a actuación do Concello deberá contar con informes favorables. O período de vixencia deste convenio finalizará coa aprobación da xustificación.

DUODÉCIMA.- Con respecto aos datos de carácter persoal que puideran derivarse da execución do presente convenio, as partes asinantes quedan expresamente obrigadas ao cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que representa ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e





polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia do convenio

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

O responsable do tratamento dos datos será o Concello de Redondela, podendo o Círculo Cultural e Deportivo de Cesantes exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Redondela.

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Conforme con este o asinan as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

A ALCALDESA DO CONCELLO DE
REDONDELA

O PRESIDENTE DO CÍRCULO CULTURAL
E DEPORTIVO DE CESANTES

Asdo: Digna Rosa Rivas Gómez

Asdo: Jorge Rodríguez Crespo



Anexo I ao convenio no que se recollen as obrigas do beneficiario desta subvención

1.- Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.

2.- Xustificar ante o Concello de Redondela, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4.- Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.

5.- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.

6.- Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ao beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8.- Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, ca mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela.

9.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

10.- Con carácter xeral, deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.

11.- As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Polo que se refire á xustificación dos gastos é unha das obrigas de todo beneficiario co Concello de Redondela. Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e no seu caso, correspondentes ao período para o que esta foi concedida. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación, entre outros deberán figurar os seguintes aspectos:

1.- Emisión da persoa ou entidade destinataria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.

2.- Identificación completa do proveedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.

3.- Número de factura.

4.- Lugar e data da emisión da factura.

5.- Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.

6.- Período que corresponda.

A acreditación do pago efectuarase mediante xustificante bancario, non sendo válido o pago en efectivo para os gastos obxecto desta subvención.



Anexo II

Relación clasificada de gastos

[illegible]

Redondela, ____ de ____ de 2025

Asdo: a/o presidenta/e da entidade

Cod. Validación: 669MJN24AYLSL5MREFKH3P3Y4
Corrección: <https://redondata.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8

